

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE XUÑO DE 2013**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D.<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

### Secretaria-Interventora:

D.<sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día vinte e sete de xuño de 2013, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Non asiste nin xustifica a súa ausencia a concelleira Dna. Isabel Sesar Otero.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACION ACTA/S SESION/S ANTERIORES**

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/s anterior/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando o Alcalde pasar ao seguinte.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS O CONCELLO**

### **2.1.- SOLICITUDE CAMBIO DE VEHÍCULO PARA TRANSPORTE DE VIAXIEIROS LICENZA MUNICIPAL DE AUTOTURISMO N° 5 CLASE B**

Pola Secretaría dase lectura á solicitude con rexistro de entrada n° 1129 en data 23/06/2013 presentada por D. Luís Cabo Graña para que se lle conceda permiso municipal para realiza-lo cambio de material para exercer o transporte de viaxeiros substituíndo o vehículo marca Renault matrícula 3760 FTM polo Renault Scenic 2.0 matrícula 9852 GKN.

Advirte á Secretaría intervención da necesidade ante a entrada en vigor da Lei 4/2013, de 30 de mayo, de transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia., de adaptar este servizo á nova normativa .

O amparo do Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento Nacional de los servicios urbanos e interurbanos de transportes en automóviles ligeros advirte Secretaria

#### Artículo 3

El vehículo adscrito a la licencia local que faculta para la prestación de cualquiera de los servicios al público que se regulan en este Reglamento figurará como propiedad del titular de la misma en el Registro de la Dirección General de Tráfico. Los propietarios de los vehículos deberán concertar obligatoriamente la correspondiente póliza de seguros, que cubrirá los riesgos determinados por la legislación en vigor.

#### Artículo 4

Los titulares de la licencia local citada podrán sustituir el vehículo adscrito a la misma por otro que, si fuere de la marca y modelo determinado por la Entidad Local, bastará con la comunicación formal del cambio, y, en otro caso, quedará

**sujeto a la autorización de dicha Entidad, que se concederá una vez comprobadas las condiciones técnicas necesarias de seguridad y conservación para el servicio. ( advirte a Secretaría do necesario cumprimento deste artigo)**

#### **Artículo 5**

Las transmisiones por actos intervivos de los vehículos automóviles de alquiler, con independencia de la licencia de la Entidad Local a que estén afectos, llevan implícita la anulación de ésta, salvo que, en el plazo de tres meses de efectuada la transmisión, el transmitente aplique a aquélla otro vehículo de su propiedad, contando, para todo ello, con la previa autorización a que se refiere el artículo anterior, cuando fuere necesaria.

#### **Artículo 6**

**Los automóviles a que se refiere este Reglamento deberán estar provistos de:**

**Carrocería cerrada con puertas de fácil acceso y funcionamiento que facilite la maniobra con suavidad.**

**Las dimensiones mínimas y las características del interior del vehículo y de los asientos serán las precisas para proporcionar al usuario la seguridad y comodidad propias de este tipo de servicio.**

**Las puertas deberán hallarse dotadas del mecanismo conveniente para accionar sus vidrios a voluntad del usuario.**

**Tanto en las puertas como en la parte posterior de vehículo llevará el número suficiente de ventanillas para conseguir la mayor visibilidad, luminosidad y ventilación posibles, provistas de vidrios transparentes e inastillables.**

**En el interior habrá instalado el necesario alumbrado eléctrico.**

**Asimismo deberán ir provistos de un extintor de incendios.**

Las autoridades gubernativas y los Ayuntamientos podrán establecer, en aquellas localidades o zonas que se determinen por los mismos, la instalación de dispositivo de seguridad.

Las mismas autoridades podrán disponer el establecimiento de sistemas de comunicación con la Policía en aquellos Municipios en que existan Cooperativas de Radio-taxis.

#### **Artículo 7**

**Dentro del conjunto de marcas y modelos de vehículos que homologuen los Ministerios de Industria y Energía y de Transportes y Comunicaciones, las Entidades Locales podrán determinar el o los que estimen más adaptados a las necesidades de la población usuaria y a las condiciones económicas de los titulares de licencias. ( non consta homologación)**

En todo caso, su capacidad no excederá de siete plazas, para las clases A) y B), incluida la del Conductor; excepcionalmente podrán autorizarse hasta nueve plazas para servicios en alta montaña, etc.

#### **Artículo 8**

**No se autorizará la puesta en servicio de vehículos que no hayan previamente sido revisados acerca de las condiciones de seguridad, conservación y documentación por las Delegaciones de Industria y Energía y la Entidad Local respectiva, salvo cuando se trate de vehículos nuevos determinados.**

**Las revisiones anuales de los vehículos para comprobar su buen estado de seguridad, conservación y documentación se realizarán por las Delegaciones de Industria y Energía y las Entidades Locales en el mismo día y hora, a no ser que razones fundadas lo impidieren.**

Las revisiones extraordinarias de vehículos ordenadas por las autoridades antes reseñadas se podrán realizar en cualquier momento, sin que produzcan liquidación ni cobro de tasa alguna, aunque sí pueden motivar, en caso de infracción, la sanción procedente.

**Todo automóvil que no reúna las condiciones técnicas de comodidad o de seguridad exigidas por este Reglamento y por las Ordenanzas locales no podrá prestar servicio de nuevo sin un reconocimiento previo por parte del Organismo o autoridad competente, en el que se acredite la subsanación de la deficiencia observada, conceptuándose como falta grave la contravención de ello.**

Sin máis intervención por unanimidade cós tres votos a favor dos concelleiros presentes a Xunta de goberno local **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-**Autorizar a D. Luís Cabo Graña para que se lle conceda permiso municipal para realiza-lo cambio de material para exercer o transporte de viaxeiros substituíndo o vehículo marca Renault matrícula 3760 FTM polo Renault Scenic 2.0 matrícula 9852 GKN en relación coa licenza de auto turismo nº 5 clase B para prestar o Servizo Público de transporte de viaxeiros baixo os condicionantes sinalados na normativa indicada nos considerandos dese acordo.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ó interesado ós efectos oportunos.

**2.2.- COMUNICACIÓN CAMBIO DE NOME DE UNIÓN FENOSA COMERCIAL S.L. A GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.**

Pola Secretaria dáse conta dos escritos enviados por Gas Natural Servicios SDG, S.A. con CIF A 08431090, rexistros de entrada neste concello co nº. 1097, 1098 e 1115 en datas 21/06/2013 e 25/06/2013 respectivamente, no que se informa de que Unión Fenosa Comercial S.L pasa a ser desde o día 1 de xuño de 2013 Gas Natural Servicios SDG, S.A, polo que será esta última a que enviará as facturas e xestionará os cobros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

**2.3.- RESOLUCIÓN DE ARQUIVO DE AUGAS DE GALICIA RELATIVA A CONCESIÓN DE AUGA DE TRES MANANTIAIS EN DORMEÁ PARA A COMUNIDADE DE USUARIOS DA TRAÍDA DE AUGA DOS ÁNXELES.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº. 957 en data 11/06/2013, no que se declara desistida á Comunidade de Usuarios da Traída de Augas dos Ánxeles a solicitude de concesión da auga procedemente de tres manantiais na parroquia de Dormeá.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

**2.4.- RESOLUCIÓN DE AUGAS DE GALICIA RELATIVA A CONCESIÓN DUN CAUDAL DE AUGA NO LUGAR DE SERÍA PARROQUIA DE DORMEÁ.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº. 909 en data 04/06/2013, no que se declara a constitución da Comunidade de Regantes “Sería-Pedreira” Boimorto e se concede a cesión dun caudal de auga procedente do manantial sito na parcela nº 98 de Dormeá.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

**2.5.- RESOLUCIÓN DE MODIFICACIÓN SUBVENCIÓN MELLORA DO CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO DE AGADER.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Consellería de Medio rural e do Mar, AGADER, rexistro de entrada neste concello co nº. 951 en data 10/06/2013, no que se notifica a resolución de modificación da subvención a Proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, convocatoria 2012 da obra de Mellora do centro de día e miniresidencia de Boimorto sendo o prazo máximo de execución o 30/09/2013..

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

**2.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN PAGO CONVENIO FINANCIACIÓN OBRAS DE MELLORA NO ENTORNO DO ALBERGUE DE BAIUCA.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Patrimonio e Contratación, Sección de Contratación, rexistro de entrada neste concello co nº. 1009 en data 18/06/2013, no que se resolve a aprobación do pago por importe de 12.000 euros, correspondente o 40% en conxunto de anticipo prepagable das obras de mellora do entorno do albergue de Baiuca.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE DISPOSICIÓN DO PAGO PARA GASTOS CORRENTES PLAN DTC 94.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, Sección de Plans Especiais, rexistro de entrada neste concello co nº. 917 en data 05/06/2013, no que se resolve a disposición do pago segundo do 50% (30.000,00 €) aplicado a gastos correntes segundo xustificación realizada do Plan DTC 94.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE DISPOSICIÓN DO PAGO PARA GASTOS CORRENTES PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS.**

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Xestión de Plans, Sección de Plans Especiais, rexistro de entrada neste concello co nº. 976 en data 13/06/2013, no que se resolve a disposición do pago primeiro do 50% (58.838,79 €) no mes de xuño e o segundo pago no último trimestre deste ano 2013, aplicado a gastos correntes segundo xustificación realizada do POS 2012.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

### **2.9.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN PROGRAMA DE TÉCNICOS DEPORTIVOS PARA O ANO 2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada 1096 en data 21/06/2013, no que notifica a resolución de concesión de subvención para animador deportivo 2013:

Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
5.993,26	0,6	9.988,77 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.10.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN PROGRAMA DE ANIMADORES CULTURAIS PARA O ANO 2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada 1007 en data 18/06/2013, no que notifica a resolución de concesión de subvención para animador cultural 2013:

Importe subvención	Coef.	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
5.987,41	0,6	5.987,41 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.11.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE APOIO AO DEPORTE PARA O ANO 2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada 1008 en data 18/06/2013, no que notifica a resolución de concesión de subvención para actividades deportivas 2013:

<u>Importe subvención</u>	<u>Coef.</u>	<u>Pto. Subvencionado que se ha xustificar</u>
2.489,80 €	1	2.489,80 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.12.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE APOIO Á CULTURA PARA O ANO 2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada 986 en data 14/06/2013, no que notifica a resolución de concesión de subvención para actividades culturais 2013:

<u>Importe subvención</u>	<u>Coef.</u>	<u>Pto. Subvencionado que se ha xustificar</u>
2.658,37 €	1	2.658,37 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.13.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE APOIO Á CULTURA PARA O ANO 2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada 953 en data 11/06/2013, no que notifica a resolución de concesión de subvención para dotación de equipamentos culturais:

<u>Importe subvención</u>	<u>Coef.</u>	<u>Pto. Subvencionado que se ha xustificar</u>
3.091,60 €	1	3.091,60 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.14.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROGRAMA PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada 978 en data 13/06/2013, no que notifica a resolución de concesión de subvención para actividades de promoción económica 2013:

<u>Importe subvención</u>	<u>Coef.</u>	<u>Pto. Subvencionado que se ha xustificar</u>
550,00 €	1	550,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.15.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROGRAMA PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS DE PROMOCIÓN ECONÓMICA DURANTE O ANO 2013**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada 977 en data 13/06/2013, no que notifica a resolución de concesión de subvención para Canalización de auga pluviais en Marco (Sendelle):

<u>Importe subvención</u>	<u>Coef.</u>	<u>Pto. Subvencionado que se ha xustificar</u>
4.000,00 €	1	4.000,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.16.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DE SOCORRISMO ANUALIDADE 2013.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de promoción económica, rexistro de entrada n.º 954 de data 11/06/2013 no que comunica a aprobación da concesión da subvención correspondente ao programa de convocatoria do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia anualidade 2013:

<u>Importe subvención</u>	<u>Coef.</u>	<u>Pto. Subvencionado que se ha xustificar</u>
2.962,00 €	0,80	3.702,50 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as

**2.17.- RESOLUCIÓN ABOAMENTO ANTICIPO PREPAGABLE CONVOCATORIA DE SOCORRISMO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada n.º 1144 con data 26/06/2013 no que se comunica a resolución de aboamento anticipo prepagable do 50% da subvención do programa socorrismo:

Importe da subvención: 2.962,00 €

Coficiente de financiamento: 80.0%

Presuposto subvencionado a xustificar: 3.702,50 €

**Importe a aboar: 1.481,00 €**

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

**2.18.- APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE XUSTIFICACIÓN POS 2012**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Servizo de Xestión de Plans, rexistro de entrada n.º 933 en data 06/06/2013, no que se comunica a resolución de aprobación da xustificación relativa ó pago dos gastos correntes realizados no 2012 dentro do POS 2012 por importe de 117.884,20 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.19.- CERTIFICACIÓN DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DA CANTIDADE A TRANSFERIR POLA PRESTACIÓN AXUDA NO FOGAR**

Pola secretaria dáse conta da certificación enviada polo Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada no concello co n.º 967 en data 12/06/2013, da cantidade que se liquidará e transferirá a este Concello correspondente ao 1º trimestre de 2013 pola prestación de axuda no fogar (dependencia): 20.923,39 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.20.- RESOLUCIÓN DA DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA SUFRAGAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Delegación Territorial da Coruña, rexistro de entrada no concello co n.º 1116 en data 25/06/2013, no que se achega o resolución de concesión de subvención para sufragar os gastos do Xulgado de Paz, a cantidade para este ano que lle corresponde ao Concello segundo as cifras oficiais de poboación é de 1.570,34 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.21.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR AUTORIZANDO A CONTRATACIÓN ANTICIPADA DE SOCORRISTA**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada no concello co nº 1003 en data 18/06/2013, no que se autoriza a contratación anticipada por un período máximo de 2,5 mes do seguinte traballador para a realización da obra ou servizo denominado “Socorrista”

Nº traballador	Ocupación	G.C
1	Socorrista	8

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.22.- ESCRITO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA PROPOÑENDO A VENDA DO BEN INMOBLE PERTENCENTE Á ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL DESTA CONCELLO.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola secretaría xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, rexistro de entrada no concello co nº 921 en data 06/06/2013, no que comunica que a Comunidade Autónoma de Galicia é titular de dous inmobles pertencentes á antiga Cámara Agraria Local deste Concello que actualmente conta cunha única referencia catastral 0715719NH7601N0001HI e por Lei os inmobles só poden ser adicados a fins agrarios, e non é posible legalmente a cesión definitiva da súa propiedade e a efectos de regularizar a situación xurídica dos mesmos, propónse a venda co obxecto de que se poida adquirir a propiedade e destinar o edificio ás finalidades que esa administración determine. Os técnicos da Consellería valoraron o inmovle que fora cedido en uso a este Concello 27.053,75 €uros e o outro en 6.428,60 €uros. Aos efectos do menor quebrantamento para este Concello, cabería o pago aprazado nos termos estipulados no artigo 70 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, de patrimonio de Galicia, ata un máximo de 10 anos.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

## **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIONES**

### **3.1.-LICENZAS**

#### **3.1.1.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 27/06/2013**

Vista a solicitude presentada por Dna. María del Carmen Barreiro Nouche con DNI nº 76515000A en calidade de representante do consello escolar do CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto, e con domicilio no número 7 do lugar de Espiñeiro, parroquia de Boimorto, na que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 27/06/2013 de 10.00 a 12.00 h da noite para a celebración dunha reunión de país.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Autorizar a Dna. María del Carmen Barreiro Nouche con DNI nº 76515000A que actúa en representación do consello escolar do CPI Armando Cotarelo Valledor de Boimorto o uso do salón de actos da casa de cultura para o día 27/06/2013 de 10.00 a 12.00 h da noite.

#### **3.1.2.- LICENZA PARA AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 12/07/2013**

Vista a solicitude presentada por Dna. M<sup>a</sup> Isabel Díez Iturralde con DNI nº 15395230L en calidade de veterinaria da Asociación da ASDG de Boimorto, e con domicilio en Sada, na que soli-

cita autorización para a utilización da casa de cultura o día 12/07/2013 de 10.00 a 12.00 h da mañá para a celebración dunha reunión da asociación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**ÚNICO.-** Autorizar a Dna. M<sup>a</sup> Isabel Díez Iturralde con DNI n<sup>o</sup> 15395230L que actúa en representación Asociación da ASDG de Boimorto o uso do salón de actos da casa de cultura para o día 12/07/2013 de 10.00 a 12.00 h da mañá.

### **3.2.- PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN DA FESTA DE SAN CRISTOVO NA PARROQUIA DE DORMEÁ**

Vista a instancia subscrita por **Dna. Maria Sánchez Lorenzo**, veciña de Boimorto, encargado da organización da festa de San Cristovo, pretendéndose a súa celebración no lugar da **Igrexa**, parroquia de **Dormeá**, deste termo municipal, durante o día **7 de xullo de 2013**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autoriza-la celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste término municipal, durante o referido día, tal como se solicita. A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servizo ó público sen proveerse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprirase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada unicamente por empresas instaladoras, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2<sup>o</sup> do art. 18 do Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e supletoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

**SEGUNDO.-** Notifíquese este acordo á solicitante e déase traslado do seu contido ao Xefe Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

#### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN DA FESTA DE SAN PEDRO NA PARROQUIA DE CARDEIRO**

Vista a instancia subscrita por **D. Iván Cardelle Taboada**, veciño de Boimorto, encargado da organización da festa de San Pedro, pretendéndose a súa celebración no lugar da **Igrexa**, parro-



quia de **Cardeiro**, deste termo municipal, durante o día **30 de xuño de 2013**, cos documentos que á mesma se acompañan, solicitando a correspondente licenza desta Alcaldía; tendo en conta que se cumpren os requisitos esixidos polo Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, de data 27 de Agosto de 1982, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Autoriza-la celebración de bailes e verbenas populares gratuítos, ó aire libre, co núm. identificativo **2.9.2**, de acordo co Decreto 292/2004, de 18 de novembro de 2004, no mencionado lugar e parroquia, deste término municipal, durante o referido día, tal como se solicita. A terminación de tales bailes e verbenas axustarase ó horario fixado regulamentariamente polo órgano competente.

Teranse en conta as prescricións dos artigos 35 e 48 do mencionado Regulamento, facéndose constar, expresamente, que non poderán funcionar no recinto dos festexos ningunha clase de barracas de tiro ó branco, tómbolas, cabaliños xiratorios, carruseis, bambáns, postos de bebidas, churrerías e demais establecementos de diversión ou servicio ó público sen proveerse, previamente, da correspondente autorización desta Alcaldía, de acordo co que dispón o art. 48 do xa repetido Regulamento. Igualmente cumprirase a Orde ministerial de 3 de outubro de 1973, que prohíbe a fabricación, circulación e venda de certos obxectos explosivos para uso infantil, sendo tamén responsable o titular da licenza dos incendios que se puideran ocasionar por uso de foguetes, globos, fogos de artificio e similares.

Así mesmo, no que se refire á instalación eléctrica que se utilice para a iluminación do recinto dos festexos, faise constar, de modo expreso, que deberá ser realizada unicamente por empresas instaladoras, en cumprimento ó ordenado no parágrafo 2º do art. 18 do Real Decreto 842/2002, de 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

Como anexo da licenza que se entregue ó solicitante, daráselle traslado, en folla á parte e suplementoria, do contido da Orde ministerial que se cita anteriormente, así como do texto dos artigos 35 e 48 do varias veces citado Regulamento.

**SEGUNDO.-** Notifíquese este acordo á solicitante e déase traslado do seu contido ao Xefe Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e ó Sr. Comandante do Posto da Garda Civil de Boimorto para o seu coñecemento e para os efectos dos artigos 74 e 78 ó 80, respectivamente, do xa reiterado Regulamento.

### **3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA 1/2013**

Pola secretaria dáse lectura á solicitud con número de rexistro de entrada neste concello 1025, con data 19/06/2013, presentada por D. José Cajide Mato, con domicilio a efectos de notificación en R/ Betanzos nº 1 PO3 C, Sada, A Coruña, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa Pazo do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. José Antonio García Ramos, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa Pazo do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal, previo pagamento de fianza por importe de 100 euros, en garantía da reposición de 3,5 m do firme afectado.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 2/2013**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 913, con data 05/06/2013, presentada por Dna. María Teresa Rico Souto, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Sobreira número 6 do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 6 da rúa Sobreira do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. María Teresa Rico Souto, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 6 da rúa Sobreira do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 3/2013**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1026, con data 19/06/2013, presentada por D. José Cajide Mato, con domicilio a efectos de notificación en R/ Betanzos nº 1 PO3 C, Sada, A Coruña, na que solicita a conexión á rede de sumidoiros para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa Pazo do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora pola taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. José Cajide Mato, autorización para conexión á rede de sumidoiros para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa Pazo do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal, previo pagamento de fianza por importe de 100 euros, en garantía da reposición de 3,5 m do firme afectado.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.6.- BAIXA NA CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1121, con data 26/06/2013 presentada por D. Ramón Castro Novo con DNI 76498378X, con domicilio a efectos de notificación en rúa Palomar nº 8 de Boimorto, na que solicita a baixa na taxa por

subministro de auga potable e do contador correspondente á vivenda sita no número 19 da rúa Gándara do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de rede de abastecemento de auga.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Dar de baixa o recibo e contador de auga número 17378 que figura a nome de Dna. Dolores Castro Costoya, con efectos a 1 de xullo de 2013.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga da vivenda sita no número 19 da rúa Gándara de Boimorto, deste termo municipal.

#### **4.- URBANISMO OBRAS E SERVIZOS**

##### **4.1 URBANISMO**

##### **4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 19/2013) PARA COLOCACIÓN DUN TUBO PARA ACCESO A FINCA MONTE VECIÑAL DE BOIMIL, SITA NO LUGAR DE CIMADEVILA, PARROQUIA DE BOIMIL, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. ÁLVARO FONTECOBA VÁZQUEZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Álvaro Fontecoba Vázquez DNI núm. 76516822P, e con domicilio para os efectos de notificacións no lugar de Iglesia núm. 9, parroquia de Boimil, Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1029 en data 19/06/2013 para colocación dun tubo para acceso a finca do monte veciñal de Boimil, sita no lugar de Cimadevila, parroquia de Boimil (solo rústico) segundo presuposto e fotografías presentadas.

Vista a autorización da Deputación Provincial, servizo de vías e obras de data 12/06/2013.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4.657, con data 25/06/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo rústico de protección de infraestruturas.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Álvaro Fontecoba Vázquez, con DNI núm. 76516822P (LO 19/2013) para colocación dun tubo para acceso a finca do monte veciñal de Boimil, sita no lugar de Cimadevila, parroquia de Boimil (solo rústico) segundo presuposto e fotografías presentadas.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras consistirán na colocación dun tubo 6 metros de lonxitude e 40 cm de diámetro de fibra, ao borde da estrada provincial 1003, recuberto con 2 m3 de formigón.
- .- Deberán axustarse ao contido no informe do servizo de vías e obras da Deputación Provincial da Coruña.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: **255,00.- €uros.**

Liquidación 2%: **5,10.- €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Álvaro Fontecoba Vázquez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 20/2013) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA NA VIVENDA SITA NO LUGAR DE FREIXIDO Nº 26, PARROQUIA DE CARDEIRO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL SÁNCHEZ SEOANE.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. Manuel Sánchez Seoane DNI núm. 33237794B, e con domicilio para os efectos de notificacións no lugar de Lavandeira núm. 4, parroquia de Andabao, Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 955 en data 11/06/2013 para a substitución do material de cuberta na vivenda sita no número 16 do lugar de Freixido, parroquia de Cardeiro (solo de núcleo rural) segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentados.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4.657, con data 12/06/2013 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso.

Advirte a secretaria que debería sinalarse no informe técnico sobre se a edificación na que se pretenden realizar as obras entra na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar a licenza menor, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

